

Contas económicas anuais. Revisión estatística 2019

Último ano incluído: 2021

24/11/2023

ÍNDICE

Introdución	1
Estrutura produtiva de Galicia	2
Desagregación por sectores	3
Sector primario	3
Sector industrial	4
O subsector da industria manufactureira	5
Sector construción	8
Sector servizos	8
Sectores característicos da economía galega	11
Definicións, fontes e máis información	12

Introdución

As Contas económicas anuais son unha estatística de síntese de carácter estrutural. O seu obxectivo é ofrecer ao usuario unha representación cuantificada, completa, sistemática, sinxela e detallada da realidade económica galega.

Esta operación estatística segue as liñas metodolóxicas establecidas para o conxunto dos Estados membros da Unión Europea polo Regulamento do Sistema Europeo de Contas (SEC 2010).

Ofrece información do cadro macroeconómico de Galicia desde o ano 1995 e achega información desagregada para 72 sectores económicos desde o ano 2000. Dentro das súas utilidades están:


- Coñecer a estrutura produtiva da economía galega e fornecer de información útil para a análise da situación económica da rexión.
- Afondar en partes ou aspectos específicos da economía.
- Coñecer a evolución temporal dos sectores económicos que conforman a nosa economía.
- Os resultados son a base da contabilidade trimestral, das estimacións do produto interior bruto municipal e gardan coherencia coa desagregación e maior alcance do Marco Input-Output. Tamén son a base tanto das previsións económicas como dos estudos sectoriais que se realizan no IGE.

Estrutura produtiva de Galicia

A estimación do PIB pola vía da oferta permite coñecer que sectores produtivos contribúen á xeración de valor engadido en Galicia. O sector servizos achega o 64,7 % do Produto Interior Bruto (PIB) de Galicia no ano 2021. Este sector é cada vez máis relevante: pasou de achegar o 56,5 % do PIB en 1995 ao 64,7 % no ano 2021. O sector industrial e enerxético achega o 16,3 %, o sector primario 4,3 %, a construción un 5,9 % e os impostos netos sobre os produtos un 8,9 %.


Distribución do PIB pola vía da oferta

Unidade: porcentaxe (%) sobre PIB Galego



Distribución do PIB pola vía da demanda

Unidade: porcentaxe (%) sobre PIB Galego




Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

A estimación do PIB pola vía da demanda permite coñecer a achega da demanda interna (gasto en consumo final e formación bruta de capital –investimentos–) xunto coa demanda exterior neta (diferenza entre exportacións e importacións). O gasto en consumo final, que inclúe tanto o realizado polos fogares como polas Administracións públicas e Institucións sen fin de lucro ao servizo dos fogares (ISFLSF), representa o 80,3 % do PIB. O investimento representa o 16,5 %. No ano 2021 a demanda externa neta é positiva (as exportacións superan ás importacións).

Distribución do PIB pola vía da renda

Unidade: porcentaxe (%) sobre PIB Galego



Pola vía das rendas o PIB expresa a remuneración dos factores produtivos: traballo (remuneración de asalariados), capital (excedente de explotación bruta) e o pagamento de impostos. Dentro do excedente de explotación bruta recóllese tamén a renda mixta, que é a remuneración do traballo autónomo. A remuneración dos asalariados achega o 45,5 % do PIB no ano 2021, mentres o excedente de explotación bruta achega o 45,2 %.

Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

Desagregación por sectores

As contas económicas anuais ofrecen un alto nivel de detalle sectorial, polo que é posible afondar no coñecemento da estrutura produtiva de Galicia analizando as ramas de actividade que a forman.

No ano 2021 o 73,3 % do emprego da economía galega está centrada no sector servizos, no sector da industria e enerxía concéntrase o 13,3 %, no sector primario o 6,6 % e na construción o 6,8 % restante. En termos de VEB os servizos, que achegan o 64,7 % do PIB, teñen un valor elevado do ratio remuneración de asalariados sobre valor engadido (51,3 %), é dicir, a participación das rendas salariais na xeración de valor é elevada.

A maior produtividade do factor traballo está no sector secundario, no que a participación das rendas salariais é do 49,1 %.

No sector primario a produtividade do traballo é inferior á media da economía e a participación do traballo asalariado é baixo no valor engadido. Neste sector a presenza do traballo por conta propia é elevado.

Desagregación por sectores. Ano 2021.

Sector	Distribución do PIB	Distribución do emprego (postos de traballo)	Produtividade (VEB/Horas efectivas)	Remuneración de asalariados/VEB
Sector primario	4,3 %	6,6 %	17,6 €/hora	23,9 %
Industria e enerxía	16,3 %	13,3 %	41,0 €/hora	49,1 %
Construción	5,9 %	6,8 %	27,4 €/hora	57,6 %
Servizos	64,7 %	73,3 %	33,0 €/hora	51,3 %
Impostos netos sobre os produtos	8,9 %			
Total Economía	100,0 %	100,0 %	35,5 €/hora	45,5 %

Fonte: IGE. Contas económicas anuais. Descarga das táboas: ([distribución do PIB](#)), ([distribución do emprego](#))

Sector primario

As Contas Económicas anuais ofrecen información de catro ramas de actividade dentro do sector primario. Este sector emprega a 73.964 postos de traballo, dos cales máis da metade son da rama da agricultura e gandería. Nas ramas da pesca e acuicultura hai 22.451 postos de traballo.

Neste sector a remuneración de asalariados representa o 23,9 % do VEB xerado, porque a taxa de asalarización (porcentaxe de emprego asalariado sobre emprego total) é baixa, como se aprecia especialmente na rama R01 "Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con ela". Por outra banda, a produtividade do traballo é inferior á da economía.

Estrutura do sector primario galego. Ano 2021.


Ramas de actividade	VEB (miles de €)	VEB (% sobre total sector)	EMPREGO (postos de traballo)	EMPREGO (% sobre total sector)	Produtividade (VEB/Horas efectivas)	Remuneración de asalariados/VEB
R01 Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	1.692.955	60,9 %	41.632	56,3 %	16,3 €/hora	13,9 %
R02 Silvicultura e explotación forestal	417.849	15,0 %	9.881	13,4 %	23,1 €/hora	27,2 %
R03 Pesca	671.029	24,1 %	22.451	30,4 %	18,3 €/hora	47,0 %
• R03A Pesca	474.104	17,0 %	17.064	23,1 %	17,0 €/hora	56,1 %
• R03B Acuicultura	196.925	7,1 %	5.387	7,3 %	22,2 €/hora	25,2 %
TOTAL PRIMARIO	2.781.833	100,0 %	73.964	100,0 %	17,6 €/hora	23,9 %

Fonte: IGE. Contas económicas anuais. ([Descarga das táboas](#))


Comparando o ano 2021 co inicio da serie contable, ano 2000, vemos como se incrementa a presenza da agricultura e gandaría no sector primario galego en termos de VEB, pero non en termos de emprego. A "Pesca e acuicultura" evolucionan de forma oposta: perden peso dentro do sector en termos de VEB pero gáñano en termos de emprego. No caso da "Silvicultura e explotación forestal" o máis relevante é o incremento do emprego, tanto en termos relativos como absolutos.

Distribución do emprego do sector primario.

Unidade: porcentaxe sobre o total do sector (%)


Distribución do VEB do sector primario.

Unidade: porcentaxe sobre o total do sector (%)



Fonte: IGE. Contas económicas anuais
([descarga da táboa](#))


Fonte: IGE. Contas económicas anuais
([descarga da táboa](#))

Sector industrial


Dentro do sector industrial distinguimos dous grandes bloques: o sector enerxético (que se corresponde coas seccións B, D, E da CNAE-09) e a industria manufacturera. A composición interna do sector sufriu modificacións dende o ano 2000: a enerxía achegaba nese ano o 22,7 % do VEB xerado, mentres en 2021 pasa a representar o 28,0 % do total. En termos de emprego a industria manufacturera é máis relevante, e en 2021 o 90,0 % dos empregos do sector secundario proveñen dela.

Distribución do emprego da Industria e enerxía.

Unidade: porcentaxe sobre o total do sector (%)


Distribución do VEB da Industria e enerxía.

Unidade: porcentaxe sobre o total do sector (%)




Fonte: IGE. Contas económicas anuais
([descarga da táboa](#))

Fonte: IGE. Contas económicas anuais
([descarga da táboa](#))

O subsector da industria manufactureira

As Contas económicas anuais achegan información para 26 ramas de actividade diferentes dentro da industria manufactureira. Isto permite coñecer información de diversos sectores senlleiros da economía galega, como por exemplo, a industria alimentaria que está formada por seis ramas de actividade.

**Distribución do VEB da industria alimentaria por subramas.
Ano 2021.**



O valor engadido xerado polas seis ramas da industria alimentaria (1.771 millóns de euros) representa o 23,3 % do valor xerado pola industria manufactureira. En termos de emprego supoñen o 25,4 % e superan os 33 mil postos de traballo.

Dentro da industria alimentaria a participación das seis ramas que a forman en 2021 queda este xeito: a rama da conserva e do conxelado de peixe (R10B) achega o 28,4 % do seu VEB, seguida pola fabricación de bebidas (R11) cun 21,9 % e a rama de procesamento e conservación de carne e elaboración de produtos cárnicos (R10A) cun 17,1 % do VEB.

Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

Tras a industria alimentaria, a fabricación de vehículos automóbiles é a que ten unha maior achega ao valor engadido xerado pola industria manufactureira de Galicia. Esta rama de actividade acadou un valor engadido bruto de 1.229 millóns de euros en 2021, o que supón o 16,2 % do total da industria manufactureira galega. O emprego nesta rama de actividade é de 15.860 postos de traballo.

Outras industrias relevantes son a fabricación de produtos metálicos (cun VEB de 814 millóns de euros); as reparacións e instalación de maquinaria e equipamento (530 millóns de euros, nos que se inclúen os xerados pola reparación naval); a metalurxia (429 millóns de euros); a industria da madeira (391 millóns de euros); e a industria téxtil, confección, coiro e calzado (344 millóns de euros).


Con respecto ao ano 2000, a composición do subsector da industria manufactureira presenta algúns cambios. A achega das industrias alimentarias ao VEB industrial manufactureiro incrementouse en 5,8 puntos. A fabricación de vehículos de motor, que en 2000 achegaba o 15,2 % do VEB da industria manufactureira, representa o 16,2 % no 2021.

A "Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento" e as "Reparación e instalación de maquinaria e equipamento" achegan no ano 2021 un 10,7 % e un 7,0 % respectivamente, o que supón un incremento da súa relevancia no subsector con respecto ao ano 2000. A rama da metalurxia no 2021 ten un peso similar dentro do subsector con respecto ao ano 2000.

A achega da fabricación de roupa e a industria do vestido e do calzado diminuíu con respecto a 2000, mentres que a industria da madeira representa unha porcentaxe superior.

Achega ao VEB da industria manufacturera. Ramas con maior achega. Anos 2000 e 2021


Unidade: porcentaxe (%) sobre VEB industria manufacturera



Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

Achega ao emprego da industria manufacturera. Ramas con maior achega. Anos 2000 e 2021

Unidade: porcentaxe (%) sobre emprego industria manufacturera



Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

O emprego da "Industria alimentaria", que medrou tanto en termos absolutos como relativos, concentra unha cuarta parte do emprego da industria manufacturera en Galicia no 2021.

Estrutura da industria manufactureira galega. Ano 2021.

Ramas de actividade	VEB (miles de €)	VEB (% sobre total sector)	EMPREGO (postos de traballo)	EMPREGO (% sobre total sector)	Produtividade (VEB/Horas efectivas)	Remuneración de asalariados/VEB
R10A Procesamento e conservación de carne e elaboración de produtos cárnicos	303.665	4,0 %	4.881	3,6 %	34,6 €/hora	46,4 %
R10B Procesamento e conservación de peixes, crustáceos e moluscos	502.751	6,6 %	12.012	9,0 %	24,6 €/hora	67,0 %
R10C Fabricación de produtos lácteos	157.133	2,1 %	2.520	1,9 %	34,3 €/hora	53,5 %
R10D Fabricación de produtos para a alimentación animal	94.686	1,2 %	1.649	1,2 %	34,2 €/hora	61,4 %
R10E Outras industrias alimentarias	324.448	4,3 %	9.641	7,2 %	18,2 €/hora	65,9 %
R11 Fabricación de bebidas	388.346	5,1 %	3.282	2,4 %	69,7 €/hora	32,0 %
R12 Industria do tabaco	0	0,0 %	0	0,0 %	-	-
R13 Industria téxtil	52.721	0,7 %	1.743	1,3 %	17,8 €/hora	80,3 %
R14_15 Confección de roupa de vestir e industria do coiro e do calzado	343.893	4,5 %	7.757	5,8 %	26,1 €/hora	51,6 %
R16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	390.857	5,1 %	7.850	5,9 %	27,4 €/hora	63,4 %
R17 Industria do papel	164.180	2,2 %	1.861	1,4 %	51,4 €/hora	47,3 %
R18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	72.810	1,0 %	2.376	1,8 %	16,6 €/hora	89,4 %
R19 Coquerías e refino de petróleo	115.841	1,5 %	614	0,5 %	106,1 €/hora	68,7 %
R20_21 Industria química e fabricación de produtos farmacéuticos	305.265	4,0 %	2.464	1,8 %	71,1 €/hora	37,3 %
R22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	246.612	3,2 %	3.828	2,9 %	35,3 €/hora	53,8 %
R23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	305.490	4,0 %	6.881	5,1 %	24,4 €/hora	71,3 %
R24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	429.352	5,6 %	4.380	3,3 %	55,6 €/hora	47,7 %
R25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	814.232	10,7 %	16.081	12,0 %	31,5 €/hora	65,8 %
R26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	78.702	1,0 %	1.026	0,8 %	44,5 €/hora	57,0 %
R27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	52.447	0,7 %	1.378	1,0 %	23,0 €/hora	100,6 %
R28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	293.453	3,9 %	4.615	3,4 %	36,6 €/hora	63,7 %
R29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	1.228.929	16,2 %	15.860	11,8 %	46,0 €/hora	53,3 %
R30 Fabricación doutro material de transporte	180.103	2,4 %	3.779	2,8 %	27,0 €/hora	96,1 %
R31 Fabricación de mobles	163.013	2,1 %	4.705	3,5 %	19,8 €/hora	86,8 %
R32 Outras industrias manufactureiras	65.957	0,9 %	1.910	1,4 %	19,9 €/hora	69,3 %
R33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	530.204	7,0 %	10.898	8,1 %	27,7 €/hora	79,1 %
TOTAL INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	7.605.090	100,0 %	133.991	100,0 %	32,7 €/hora	60,1 %

 Fonte: IGE. Contas económicas anuais. ([Descarga das táboas](#))


(-) Non procede

Sector construción

No ano 2021 o sector ten 76.277 postos de traballo, isto é, o 6,8 % do emprego total da nosa comunidade. No que respecta á súa contribución ao PIB, a súa achega é do 5,9 %, cota máis baixa de toda a serie contable.

Evolución do sector da construción galego. 1995-2021

Unidade: peso no PIB (%), postos de traballo



Fonte: IGE. Contas económicas anuais. Descarga das táboas ([evolución do emprego](#), [evolución do peso no PIB](#))

Sector servizos

As Contas económicas de Galicia achegan información de 37 ramas de actividade do sector servizos. Estas ramas poden agruparse, seguindo a CNAE-09, en 14 seccións.

O "Comercio e reparación de vehículos" xerou en 2021 máis de 7.447 millóns de euros e 179.321 postos de traballo. Representa o 17,7 % do valor engadido xerado no sector servizos.

As "Actividades inmobiliarias", que inclúen a valoración do aluguer das vivendas ocupadas polos seus propietarios, representan o 16,2 % do VEB xerado no sector servizos, pero ten escasa relevancia en termos de emprego. Isto fai que os niveis de produtividade sexan moi elevados e a participación da renda salarial no valor xerado moi baixa.

As "Actividades sanitarias e de servizos sociais" xeraron 4.391 millóns de euros en 2021, cunha elevada participación das rendas salariais (81,5 % do VEB). No caso da "Educación" e das "Actividades administrativas e servizos auxiliares" esta participación é incluso superior (85,2 % e 83,2 % respectivamente). Trátase, en tódolos casos, de sectores intensivos en traballo.

Estrutura do sector servizos galego. Ano 2021.


Ramas de actividade	VEB (miles de €)	VEB (% sobre total sector)	EMPREGO (postos de traballo)	EMPREGO (% sobre total sector)	Productividade (VEB/Horas efectivas)	Remuneración de asalariados/VEB
G Comercio e reparación de vehículos	7.446.650	17,7%	179.321	21,9%	23,7 €/hora	53,7%
H Transporte e almacenamento	2.577.197	6,1%	50.433	6,2%	28,5 €/hora	53,3%
I Hostalaría	2.916.233	6,9%	68.015	8,3%	23,4 €/hora	38,9%
J Información e comunicacións	1.854.246	4,4%	22.360	2,7%	48,1 €/hora	49,0%
K Actividades financeiras e de seguros	2.192.842	5,2%	16.793	2,0%	72,4 €/hora	28,9%
L Actividades inmobiliarias	6.790.233	16,2%	8.791	1,1%	420,4 €/hora	1,6%
M Actividades profesionais, científicas e técnicas	2.632.593	6,3%	55.138	6,7%	27,5 €/hora	51,2%
N Actividades administrativas e servizos auxiliares	1.568.973	3,7%	69.860	8,5%	18,7 €/hora	83,2%
O Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria	3.850.664	9,2%	54.637	6,7%	45,4 €/hora	72,6%
P Educación	3.422.640	8,2%	68.736	8,4%	37,8 €/hora	85,2%
Q Actividades sanitarias e de servizos sociais	4.390.886	10,5%	115.223	14,1%	25,1 €/hora	81,5%
R Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	1.020.517	2,4%	24.862	3,0%	29,3 €/hora	49,2%
S Outros servizos	804.531	1,9%	35.365	4,3%	13,7 €/hora	49,8%
T Actividades dos fogares como empregadores de personal doméstico	512.413	1,2%	50.133	6,1%	14,7 €/hora	100,0%
TOTAL SERVICIOS	41.980.618	100,0%	819.667	100,0%	33,0 €/hora	51,3%

Fonte: IGE. Contas económicas anuais. ([Descarga das táboas](#))

Con respecto ao ano 2000 destaca o incremento do peso no sector servizos das "Actividades inmobiliarias", das "Actividades sanitarias e de servizos sociais" e das "Actividades profesionais, científicas e técnicas". Pola contra, as circunstancias excepcionais de 2020 fixeron que a "Hostalaría" perdera peso en termos relativos no sector servizos, peso que aínda non recuperou. Tamén diminúe a achega ao PIB do "Comercio e reparación de vehículos", da "Información e comunicacións", do "Transporte e almacenamento" e dos "Outros servizos". En termos de emprego, gaña peso especialmente a sección "Actividades sanitarias e de servizos sociais" e perde peso o emprego na sección do "Comercio e reparación de vehículos" e na de "Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria".

Distribución do VEB no sector servizos. Anos 2000 e 2021

Unidade: porcentaxe (%) sobre VEB total do sector



Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

Distribución do emprego (postos de traballo) no sector servizos. Anos 2000 e 2021

Unidade: porcentaxe (%) sobre o emprego total do sector



Fonte: IGE. Contas económicas anuais ([descarga da táboa](#))

Sectores característicos da economía galega

No IGE elaboramos desde o ano 2013 estudos referidos a diversos sectores da economía galega, incluídos nos programas estatísticos anuais na actividade de interese estatístico ["Análise estatística de sectores produtivos e da estrutura económica en xeral"](#). Na seguinte táboa resumimos a evolución da súa achega ao PIB galego e a súa relevancia en termos de emprego.

Peso no PIB de sectores característicos da economía galega. Anos 2000, 2008 e 2021

Unidade: Porcentaxe

Sectores	2000	2008	2021
Cadea forestal-madeira	2,4 %	1,9 %	1,7 %
Fabricación de vehículos e compoñentes	2,0 %	1,9 %	1,9 %
Ramas características do sector cultural		2,6 %	2,2 %
Sector agroalimentario	7,4 %	6,1 %	6,4 %
Sector da minaría e fabricación de produtos minerais non metálicos	1,9 %	1,3 %	0,7 %
Sector da pesca	2,4 %	1,6 %	1,8 %
Sector do transporte e da loxística	4,2 %	3,9 %	4,0 %

Fonte: IGE. Contas económicas anuais. ([Descarga da táboa](#))

Emprego de sectores característicos da economía galega. Anos 2000, 2008 e 2021

Unidade: Postos de traballo

Sectores	2000	2008	2021
Cadea forestal-madeira	29.544	27.448	24.297
Fabricación de vehículos e compoñentes	18.782	20.579	15.860
Ramas características do sector cultural		36.704	35.804
Sector agroalimentario	190.156	120.167	98.068
Sector da minaría e fabricación de produtos minerais non metálicos	20.836	21.058	10.810
Sector da pesca	42.312	35.058	34.463
Sector do transporte e da loxística	44.537	55.667	50.433

Fonte: IGE. Contas económicas anuais. ([Descarga da táboa](#))

Definicións, fontes e máis información

Definicións

- [Definicións](#)

Descarga de datos

- [Táboa de correspondencias: rama de actividade das Contas Económicas de Galicia e CNAE-2009](#)
- [Táboa de correspondencias: sectores característicos da economía galega e ramas de actividade das Contas Económicas de Galicia](#)
- [Cadro macroeconómico de Galicia. Revisión Estatística 2019 \(Serie 1995-2020\)](#)
- [Emprego. Revisión Estatística 2019 \(Serie 1995-2020\)](#)
- [Contas de produción e explotación por ramas de actividade. Revisión Estatística 2019 \(Serie 2000-2020\)](#)
- [Sectores característicos da economía galega \(Revisión Estatística 2019\)](#)
- [Indicadores derivados das Contas económicas anuais \(Revisión Estatística 2019\)](#)
- [Ratios_Contas_Economicas_Anuais \(Revisión Estatística 2019\)](#)